



ACTA

Expediente núm.:

PLN/2018/9

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	13 de setembro de 2018
Duración	Desde as 21:36 ata as 23:10 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretario	LUCIA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 de 2)
ALCALDE
Fecha Firma: 05/10/2018
HASH: 6336ac3284cccd4a6afb6h15c3ae9672



LUCIA ARTIME ALONSO (2 de 2)
SECRETARIA
Fecha Firma: 05/10/2018
HASH: d00dac2fac7f6acdfb9ec43b7d9f0c86



ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cod. Validación: SETAZGFCFNCEMCDLKG75SYN6Z | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esPublico.Gestiona | Página 1 de 21



35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE XULLO DE 2018

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de xullo 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE AGOSTO DE 2018

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de agosto 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

EXPEDIENTE 3835/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVO Á DECLARACIÓN COMO PATRIMONIO MUNDIAL INMATERIAL DA HUMANIDADE Á RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGF0FCNCEMCDLKG755YN6Z | Verificación: <http://sede.estrada.es/publico/Gestiona/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 21



Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Outórgase a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xosé Magariños**, para expoñer a moción que motivou este asunto, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“No concello da Estrada contamos cun dos curros que mellor conservaron a pureza da tradición do manexo dos cabalos salvaxes, a rapas das bestas de Sabucedo; nel as mulleres e homes que participan, aloitadores e aloitadoras, enfróntanse aos cabalos coas súas mans.

Este evento débese ver desde tres puntos de vista:

En primeiro lugar é preciso considerar que nos atopámonos ante unha mostra ancestral de propiedade dos recursos naturais e de como o ser humano pasa de ser cazador a ser agricultor, os animais pasan a convivir co ser humano e iníciase o proceso de domesticación, aínda que no caso do cabalo de monte temos que falar “dun certo grao de domesticación”. Neste proceso as bases económicas nas que se sustentaban a poboacións nómades transfórmanse; como consecuencia o animal salvaxe pasa a formar parte do colectivo humano e perséguese non coa finalidade de matalo se non de cazalo con vida para usalo como forza de traballo e outros usos (tanto domésticos como militares); a relación de dependencia entre os humanos e os animais xa non é función da caza coa finalidade de obter carne se non que pasa a ser a de lograr a captura con vida do animal. O cabalo deixa de ser única e exclusivamente alimento e comeza un novo rumbo no camiño conxunto das dúas especies.

Un segundo aspecto a considerar é que dentro da Rapa da Bestas podemos ver mostras de ancestral culto relixioso ao cabalo; pois do que se trata é do coidado das bestas do santo, a divindade protectora da parroquia. A importancia cultural desta especie tamén a podemos atopar nas mostras de gravados rupestres que se poden atopar nos montes de Campolameiro.

O terceiro punto a considerar é que o cabalo galego de monte é unha raza autóctona de Galicia e unha das poucas especies de cabalos salvaxes que existen actualmente en Europa, xunto cos da Camarga no sur de Francia, os de Doñana ou os cabalos de Dülmen en Alemania entre outros. Presenta unhas características morfolóxicas determinadas froito da adaptación ao longo de milenios as condicións orográficas e climatolóxicas propias desta parte do mundo. Como consecuencia desta adaptación, o seu papel é fundamental na conservación do ecosistema, especialmente cando estamos a falar de hábitats considerados prioritarios pola Unión Europea ou da conservación de especies como o lobo ibérico. O CSIC considera a esta especie como fundamental para asegurar a conservación del lobo e manter o equilibrio entre este depredador e os intereses económicos dos gandeiros/as, pois atenúa as perdas destes últimos.

Os puntos anteriores fálannos de que nos atopamos ante un evento e unha especie cun papel cultural, patrimonial e ecolóxico de suma importancia para preservar a diversidade cultural e ecolóxica que é de todas e todos os cidadáns do mundo.

Pero este patrimonio corre un serio perigo polos cambios que se están a producir nos usos da terra; así as reforestacións masivas de eucaliptos, os parques eólicos, os peches en grandes extensións de terreos que impiden o pasto dos cabalos nos mesmos son un grave perigo para esta especie e por ende para a “festa”.

Os parágrafos que acabamos de enumerar indícanos que a Rapa das Bestas de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5E7AZGFCFNCEMCDLKG755YN6Z | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esPublico Gestión | P. 3 de 21



Sabucedo é un verdadeiro e ancestral documento, visible e perdurábel ao longo dos séculos, que certifica un feito humano e “natural” que é patrimonio da humanidade. Este feito ten que contar co recoñecemento e protección axeitado, e aínda que se están dando pasos para súa declaración como BIC, consideramos que estamos ante un evento que debe de contar con protección internacional; é por iso que consideramos que a Rapa das Bestas debería ser considerada Patrimonio Mundial Inmaterial.

Este recoñecemento internacional, de acordo coa Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, adoptada pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) en 2003, está composto polas prácticas, representacións, expresións, coñecementos e técnicas –xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e lugares culturais que lles son asociados– que as comunidades, os grupos recoñecen como parte integrante de seu Patrimonio Cultural.

Estamos ante unha expresión cultural que, a pesar do cambio drástico que sufriu o mundo rural, foi capaz de perdurar no tempo e adaptarse a novas formas de entender o comportamento cos animais. É un exemplo de como unha pequena comunidade, a pesar dos cambios, foi quen de manter un xeito de traballar colectivo; conservaron e transmitiron as distintas xeracións este importantísimo legado.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte Acordo:

Que o Concello inicie conversas coa asociación Rapa das Bestas, con todas aquelas entidades vinculadas a conservación do cabalo e con todas as asociacións culturais do concello para solicitar a declaración de Patrimonio Mundial Inmaterial da Humanidade da Rapa das Bestas de Sabucedo.”

Pide intervir a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para manifestar o seu apoio á moción presentada e transcrita anteriormente, ao considerar que a Rapa da Bestas é un evento que representa ao noso concello, ademais de ser importante tanto a nivel social como económico, esperando que se comece o máis pronto posible coa tramitación para acadar que a Rapa das Bestas de Sabucedo sexa declarada patrimonio municipal inmaterial da humanidade, lembrando a emenda que fixo o seu grupo político na Comisión Informativa para que se dea conta deste acordo ao Consello Económico e Social.

A voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifesta tamén o apoio á moción que se está a tratar.

Non habendo máis intervencións procédese a someter o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 27/06/2018 (2018-R-RCIC-1 e 2018-E-RCIC-2) polo voceiro do grupo político municipal do BNG para declarar como patrimonio mundial inmaterial da humanidade a Rapa da Bestas de Sabucedo.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes, en sesión celebrada o 30/08/2018.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS**:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCEMCDL6755YN62 | Verificación: <http://sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 4 de 21



Primeiro.- Iniciar as conversas coa asociación Rapa das Bestas, con todas aquelas entidades vinculadas á conservación do cabalo e con todas as asociacións do concello, ao fin de tramitar o correspondente expediente de solicitude de declaración de Patrimonio Mundial Inmaterial da Humanidade á Rapa das Bestas de Sabucedo.

Segundo.- Dar conta do acordo ao Consello Económico e Social.

EXPEDIENTE 3582/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE EN RELACIÓN Á ELABORACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para expoñer a moción a tratar neste punto, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“Os problemas de accesibilidade que presentan certos espazos públicos, especialmente algunhas rúas do casco urbano, atenta contra as liberdades fundamentais das persoas que presentan problemas de mobilidade.

Entre a problemática que se pode atopar temos os seguintes: obstáculos nas beirarrúas, pasos de peóns a distinto nivel que a beirarrúa e que non contan con rampa, falta de sinalización sonora nos semáforos, etc.

Estas barreiras impiden que moitas veciñas e veciños poidan desenvolverse de maneira autónoma, reducindo desta maneira a súa calidade de vida e impedindo que accedan en igualdade de condicións que o resto da cidadanía aos recursos públicos e privados. Contar cunha vila accesible é apostar por unha maior calidade de vida de todas e todos os cidadáns, polo que é unha condición irrenunciábel que todos espazos, edificios e servizos poidan ser empregados por calquera veciño ou veciña de forma autónoma, fácil e segura con independencia das súas capacidades.

Recoñecendo os avances que se teñen feito nos últimos anos en materia de accesibilidade, queda moito que facer e moito que concienciar. É preciso contar cun plan que elimine todas esas barreiras que impiden o funcionamento autónomo de todas as persoas; este ten que contar cun orzamento e unha temporalización que nun prazo máximo de 5 anos permita contar a toda a cidadanía cunha vila accesible.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte Acordo

Elaboración dun Plan Integral de Mobilidade para a eliminación de todas as barreiras en edificios públicos e rúas de xeito que se mellore o acceso aos mesmos a todas as persoas presenten dificultades físicas, psíquicas ou sensoriais.”

Pide a palabra a voceira do partido Socialista, **Dña. Belén Louzao**, para ofrecer o apoio do seu grupo a esta moción por considerar necesario adecuar o noso municipio ás necesidades das persoas con dificultades de mobilidade, lembrando que o seu grupo xa presentou en anteriores sesións mocións relativas a este tema, as cales foron aprobadas por unanimidade, sen embargo, a día de hoxe, aínda non foron obxecto de cumprimento; ademais considera que hai algunhas actuacións que non supoñen moito custo e se poden ir facendo pouco a pouco, acadando así unha Estrada máis amable e máis habitable, polo que pide que o grupo de goberno tome consciencia e empece a executar as medidas necesarias para acadar este fin.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cod. Validación: 5ETAZGFCFNCEMCDL6K75YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 5 de 21



Intervén a voceira de Móvete, **Sra. Mar Blanco**, manifestando o seu apoio á moción que se trata, sen embargo quere facer constar que non é só necesario á mellora da accesibilidade do casco urbano, senón tamén nas escolas unitarias e locais sociais do rural.

A Concelleira delega de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar**, toma a palabra para aclarar que o grupo de goberno ven desenvolvemento fai moito tempo actuacións para a mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras para facilitar a mobilidade das persoas con algún tipo de discapacidade, como por exemplo no relativo aos pasos de peóns. Continúa dicindo que no plan EDUSI, dentro do apartado da mobilidade urbana sostible, existe un presuposto de setecentos mil euros para executar un proxecto de plan integral de mobilidade e accesibilidade, invitando a todas as forzas políticas con representación municipal para colaborar na elaboración deste plan.

O **Sr. Xosé Magariños** aclara, a tenor do manifestado pola Sra. Mar Blanco, que na elaboración do Plan Integral de Mobilidade e Accesibilidade se inclúa a eliminación das barreiras en todos os edificios públicos e, deste xeito, englobase tanto o caso urbano como o rural.

O **Sr. Alcalde** informa que, en relación a este tema, tivo unha reunión co grupo encargado dos proxectos EDUSI, o cal lle informou que, a principios do mes de outubro, prevese ter rematado o traballo do plan de mobilidade urbana sostible, o cal incorpora practicamente a totalidade destes aspectos de mobilidade e accesibilidade, polo que considera que se pode convocar para o próximo outubro unha comisión de traballo para profundizar neste asunto, ao abeiro do proxecto elaborado, antes da súa aprobación definitiva e así redactar unha folla de ruta que solvente os problemas existentes no noso municipio e que dificultan a mobilidade ás persoas con discapacidade.

A **Sra. Belén Louzao** di que este Pleno tomou a decisión de facer certas modificacións nas zonas próximas a edificios públicos para facilitar o aparcamento ás persoas con mobilidade reducida, polo que pregunta se iso foi trasladado á empresa que está a elaborar o plan dentro da EDUSI.

O Sr. Alcalde lle contesta que si.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 13/06/2018 (2018-R-RCIB-4) polo voceiro do grupo político municipal do BNG para a creación e posta en marcha dun plan integral de mobilidade e accesibilidade para a eliminación de todas as barreiras en edificios públicos e rúas de xeito que se mellore o acceso aos mesmos a todas as persoas que presenten dificultades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en sesión celebrada o 30/08/2018.


E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS**:

Primeiro.- Aprobar a elaboración dun Plan Integral de Mobilidade e Accesibilidade nunha data límite non máis alá do ano 2019.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZG5FCNCEMCDLK6755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 6 de 21



Segundo.- Adquirir o compromiso de que, no tempo máis breve posible dende a súa aprobación, se execute o devandito Plan.

EXPEDIENTE 4797/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para dicir que o 17 de agosto pasado publicouse no DOGA unha Orde en relación ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, tendo como fin o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias e, para poder adherirmos a este Convenio, é necesario trasladar á Xunta de Galicia o noso interese, o cal queda xustificado na problemática que está a ocorrer por culpa dos incendios acaecidos dentro do noso municipio e no resto da nosa comunidade autónoma, polo que débese tomar todas as medidas necesarias para a súa prevención, entre elas a limpeza dos montes e das faixas secundarias, sendo estas últimas ás que máis cerca están dos núcleos de poboación. Continúa informando que este Convenio vai dirixido a aqueles concellos que non teñen os medios e man de obra suficientes para loitar contra o lume e adoptar as medidas de limpeza de montes.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** (voceira do PSdeG-PSOE) para preguntarlle á Sra. Secretaria se o que se quere acorda é unha manifestación de interese de adhesión ao nomeado Convenio ou a aprobación da sinatura do mesmo, é dicir, se despois deste acordo ten que volver outra vez ao Pleno para aprobar a sinatura.

Responde a **Sra. Secretaria**, que a parte resolutiva da proposta e que se recollerá neste acordo non supón a adhesión ao Convenio, senón que se trata tan só de comunicar á Consellería de Medio Rural o interese do Concello de A Estrada de adherirse ao mesmo.

Pide a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para aclarar que voto a favor deste asunto na Comisión Informativa, pero despois de ler o texto íntegro do Convenio, certas cuestións contempladas no mesmo lle fai cambiar o sentido do seu voto, polo que se vai a abster na votación. Estas cuestións son, en primeiro lugar, que a maior parte dos concellos atopándose nunha situación precaria, tanto en materia económica como de persoal, xa que non se lles permite contratar novo persoal para facerse cargo dos traballos derivados da loita contra o lume, polo que lle parece unha vexación de responsabilidades por parte da Xunta de Galicia cargarlle aos concellos unha responsabilidade que debería de ter a administración galega. En segundo lugar, tampouco lle parece que os cartos sexan suficientes para acadar os obxectivos que marca a Xunta; e, en terceiro lugar, non ten claro cales van a ser os criterios que vai a adoptar a Xunta

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCNCEVMDLKR755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 7 de 21



para decidir que concellos entran e cales son as parroquias prioritarias. Polo manifestado, di que non ten claro o beneficio de adhesión ao Convenio pola súa falta de claridade, sendo esta a causa da súa abstención.

Procédese á votación adoptándose, polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e MÓVETE (19), e a abstención do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Visto a Orde do 9 de agosto de 2018 da Consellería do Medio Rural, publicada no Diario Oficial de Galicia de data 17 de agosto de 2018.

Visto o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de obras e Servizos municipal no Rural, Cultura e Medio Ambiente, asinada con data 27/08/2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 30/08/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Comunicar á Consellería do Medio Rural o interese municipal por adherirse ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

Segundo.- Facultar no seu caso ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

EXPEDIENTE 4141/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DE TAUROMAQUIA NO TERRITORIO GALEGO.

Desfavorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 9, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por ser un asunto derivado dunha moción presentada polo grupo político municipal de MÓVETE, a súa voceira, **Dna. Mar Blanco**, procede a explicar a mesma, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“A nova Lei de Benestar Animal, que entrou en vigor o pasado 11 de Xaneiro, volta excluír a realización de touradas e outros eventos tauromáquicos do seu eido de aplicación, posibilitando que estas salvaxadas continúen a ter presenza na nosa provincia cun estraño amparo normativo que contradí a opinión da inmensa maioría da veciñanza.

A esta norma únese a aparición da Lei de Espectáculos Públicos que, aínda prohibindo o acceso das persoas menores de 12 anos aos recintos pechados onde se desenvolvan os mal chamados “espectáculos” taurinos, deixa na Xunta a meirande parte das competencias para autorizar ou posibilitar a realización de touradas, soltas ou capeas, deixando aos Concellos

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Verificación: 5ETAZGFNCFCMCDL675YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 8 de 21



cunha práctica nula posibilidade de negar o seu soporte a tales convocatorias de crueldade. Así, o corpus legislativo do noso país está feito á medida do lobby taurino, quen só debe obter a connivencia da Xunta para seguir exceptuando a tortura dos animais como actividade pública mentras o 99,7% da cidadanía declara non asistir nin participar da violencia cara un animal, como evidencia a última 'Enquisa sobre Hábitos e Prácticas Culturais' elaborada polo Ministerio de Cultura, pouco sospeitoso de "antitaurinismo".

Dende 2015 foron diferentes os movementos políticos e institucionais que acadaron a supresión de subsidios ao entramado tauromáquico e, de xeito case inmediato, lograron evitar que estes festexos pervivan en municipios como A Coruña, Padrón ou Sarria, onde se sumaron declaracións dende as Deputacións da Coruña e de Pontevedra pechando a billa dos cartos públicos que pagaban publicidade, material para peñas taurinas ou daban acubillo nos seus edificios a presentacións de actividades protouradas. Neste tempo púxose en valor que o movemento abolicionista é maioría, xunto coas accións tomadas noutras latitudes, como Cataluña ou Illas Baleares, onde os seus lexítimos representantes públicos avanzaron cara a supresión da tauromaquia tal e como se coñece ata agora, regulamentando para erradicar o sufrimento animal.

Non é coherente cunha Sociedade desenvolvida que continúen a existir prácticas de recoñecida violencia cara os animais, actividades que baixo o amparo dun suposta, e imposta, categorización como "Patrimonio Cultural Inmaterial" organizan a tortura pública dun bóvido mentras administracións públicas regan con cartos do peto das nosas veciñas e veciños.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

- Instar á Xunta a realizar as modificacións legislativas oportunas para vetar a realización de eventos tauromáquicos no noso país.*
- Declarar o Concello como administración contraria aos espectáculos taurinos."*

A continuación intervén o Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, informando que a maioría dos concellos galegos non están a celebrar corridas de toros, salvo os de Pontevedra e Valga, e o noso, fai tempo, decretouse como un concello libre de circos con animais, ademais considera que cada concello ten que tomar as súas propias decisións. Continúa dicindo que na recente aprobada Lei de Protección Animal non se recolle ningunha prohibición de celebración de eventos de tauromaquia, sen embargo traslada a repulsa do grupo de goberno á celebración deste tipo de actividades ou festividades onde exista un maltrato animal, pero reitera que cada concello é o que ten que manifestarse ao respecto, non sendo nós quen para obrígalos ou instalos a tomar este tipo de decisións.

Non habendo máis intervencións e

Vista a moción presentada con data 12/07/2018 (2018-E-RCIR-3) polo grupo político municipal de MÓVETE, pola que demanda o fin dos eventos de tauromaquia na provincia de Pontevedra e no territorio galego.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cod. Validación: 5E7AZGFCFNCEVCDLKG75SYN62 | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Págs 9 de 21



Visto o Ditame acadado con carácter desfavorable pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 30/08/2018.

Sométese a nomeada moción a votación, rexeitándose polos votos en contra do PP (11) e a favor do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (9).

EXPEDIENTE 4535/2018, DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO EN RELACIÓN AO PROXECTO DA CIDADE DO MOBLE.

Favorable Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 19, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Toma a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para expoñer a moción que motiva este asunto, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“O BNG sempre tivo presente, e sempre foi unha das súas demandas para o sector do moble, a creación dun polígono sectorial público. Desde sempre esta cuestión conta co respaldo do sector do moble, do sector empresarial en xeral, do comercio, en definitiva de todo o tecido produtivo, e tamén de todos os partidos políticos con representación no noso Concello.

Froito desta demandas xurde en 2006 o proxecto da Cidade do Moble, situada en Lagartóns, en terreos que o actual PXOM contempla xa como de solo industrial, onde xa están instaladas dende hai anos empresas do sector do moble e outras industrias, que a futura Cidade do Moble incorporaría a este polígono, dotándoas dunha serie de servizos cos que actualmente non contan proporcionando, por exemplo, un axeitado tratamento de residuos. E será este punto, o medioambiental, onde o BNG da Estrada estará especialmente vixilante para que na execución e desenvolvemento deste polígono sectorial público se cumpra toda a normativa vixente, e deste xeito, non só evitar danar aínda máis o río Liñares, senón mesmo rexeneralo e recuperalo nese entorno para uso e goce de toda a cidadanía.

Na Cidade do Moble situaranse empresas comercializadoras de materias primas e de compoñentes, empresas auxiliares, como marmoristas, cristalerías ou saneamentos, serradoiros, empresas fabricantes de mobles, de distribución e almacenaxe, de comercialización e venda de mobles ou outras especializadas, como de mecanizado ou vernizado, entre outras.

A construción da Cidade do Moble permitirá acadar os obxectivos de incrementar a profesionalización do sector do moble e da madeira, incrementar o emprego no noso concello e a cooperación empresarial. Tamén fará posíbel crear un produto competitivo a nivel global, reducir os custes de produción, agrupar o know-how do sector e aproveitar as sinerxías.

A elección do Concello da Estrada non é casual e débese ao arraigo e implantación que ten o noso concello na fabricación e na comercialización do moble e da madeira, á localización no ámbito de actuación de empresas do sector, á existencia de iniciativas comerciais vinculadas ao sector do moble, á capacidade de aproveitar sinerxías, aos adecuados accesos no entorno e á cooperación empresarial coa administración, a través da asociación de Empresarios de Lagartóns.

A pesar das vantaxes económicas e sociais, así como da unanimidade que suscitou no seu momento a Cidade do Moble en Lagartóns, desde 2009 a parálise é evidente por parte da Xunta

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5E7AZGFCEMCDL6755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 10 de 21



de Galiza, que, a pesar de aprobar o proxecto en 2016, este non conta con orzamento para a súa execución, impedindo o despegue do sector do moble, cuxa crise ponse en evidencia coa agónica situación da Feira do Moble de Galiza que se realiza na Estrada desde hai 31 anos.

Esta parálise ten como consecuencia a perda de empregos, perda de poboación (desde 2001 a 2017 A Estrada perdeu 1.516 habitantes, segundo datos do INE), peches de comercio locais, en definitiva un estancamento xeral da actividade económica moi evidente en todo o concello. Mais esta parálise do proxecto da Cidade do Moble en Lagartóns por parte da Xunta de Galiza tamén ten un efecto colateral negativo que repercute nos petos dos veciños e veciñas de clase traballadora con parcelas inseridas dentro do polígono sectorial. Estas fincas están catalogadas como solo industrial, pagando o IBI correspondente no canto de pagar como solo rústico, que a día de hoxe é o que é, xa que non se albisca no horizonte a construción do polígono sectorial público da Cidade do Moble.

Polo exposto nos parágrafos anteriores o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte Acordo

1. Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos de 2019 inclúa unha partida económica coa suficiente para o proxecto da Cidade do Moble, coa contía suficiente para garantir o comezo das obras o vindeiro ano.

2. Remitir o presente acordo ás sedes parlamentarias no Parlamento Galego a PP, En Marea, PSdeG-PSOE e BNG.”

Toma a palabra a voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que comparte e apoia a anterior moción xa que é urxente dar solución a situación das empresas do sector do moble, así como outras complementarias, sitas na zona de Lagartóns; ademais hai que dar solución aos/as veciños/as propietarios de fincas nesa zona, incluídas como solo industrial no actual PXOM. Polo tanto, é importante que a Xunta de Galicia se implique coa Estrada neste aspecto e lle dea solución a este problema, xa que se trata dun proxecto de polígono que xeraría un bo volume de traballo, sen embargo a Xunta leva moitos anos mirando para outro lado sen preocuparse por darlle solución ao problema que se está a vivir nesta zona e para dotar de solo industrial ao noso concello, mentres que si está a apoiar a outros concellos para impulsar polígonos industriais.

Polo anterior, o seu grupo vai a votar a favor desta moción co fin de que a Xunta de Galicia cumpra por fin co Concello de A Estrada e así lle dea unha solución válida á dotación de solo industrial na zona de Lagartóns e así beneficiar a todas ás empresas que alí se asentán.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para dicir que o seu grupo político está en contra do proxecto da Cidade do Moble, por consideralo inviable dende o punto de vista económico (por non dar solución a ningún plan estratéxico de viabilidade económica) e tamén medioambiental (polo seu impacto no lugar onde se atopa), causas polas que considera que dista moito de contribuír á dinamización do sector da madeira. Polo manifestado, propón que este proxecto sexa eliminado dos plans municipais pendentes de execución e impulsar a principal área de solo industrial que ten o concello e que é o Polígono Industrial de Toedo, así como reclamar que nos próximos orzamentos da Xunta de Galicia se contemple unha partida económica que permita avanzar na autovía A Estrada.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCFNEMCDL6755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 11 de 21



O **Sr. Alcalde** di que o seu grupo de goberno coincide co fondo da moción presentada polo BNG, sabendo que este proxecto está contemplado no planeamento urbanístico urbano e, polo tanto, non é que se queira facer desaparecer un solo que xa está contemplado como proxecto sectorial no PXOM, senón que, no seu momento, a Xunta de Galicia plantexou unha serie de limitacións á hora de incorporar un número de metros cadrados ao abeiro da estratexia para o desenvolvemento de solo industrial (P.I. de Toedo e Cidade do Moble), modificándose o proxecto para que se contemplase a incorporación de empresas non encadradas dentro do sector da madeira, e estando, na actualidade, enriba da mesa da Xunta de Galicia. Aclara que se trata dun proxecto supramunicipal e, polo tanto, non supón ningún custo ao Concello e, como dixo antes, o proxecto está pendente de aprobar despois das modificacións realizadas ao abeiro dos informes técnicos solicitados, de feito, unha das propostas é que se executara por fases e así se facilitará a súa xestión futura.

En canto ao impacto medioambiental do que fala a voceira de Mówete, di que está en desacordo con esta afirmación, xa que non existe, de feito houbo recursos ao proxecto por este tema e os tribunais non os admitiron por considerar que é inexistente este impacto; afirma, así mesmo, que o desenvolvemento deste proxecto daría solución á situación precaria na que se atopan moitas empresas sitas na dita zona en materia de tratamento de residuos.

Continuando na súa intervención, o Sr. Alcalde di que é un proxecto polo que o grupo de goberno apostou e aposta e que se dilata no tempo a súa execución, polo que é necesario instar á Xunta de Galicia para que retome canto antes a súa execución, sen embargo necesitamos argumentos para esixir esta execución, de feito dende o Concello se trasladou aos empresarios da zona para que asinaran un compromiso de que se trasladarían á Cidade do Moble, pero a día de hoxe non se tivo resposta.

Finalmente, traslada o apoio do grupo de goberno á moción presentada polo BNG para instar á Xunta a que execute o proxecto, aclarando que este non é incompatible co desenvolvemento de máis solo industrial no Polígono Industrial de Toedo, senón que o complementa.

O **Sr. Magariños** intervéñen novamente para informar sobre unha nave que montou á empresa estradense de Martínez Otero en Padrón, lamentando que probablemente podería haber estado na Estrada pero, por falta de solo industrial, tivo que buscalo noutro concello; di que isto é un exemplo do custe de oportunidades. Polo dito, traslada a necesidade de acometer este proxecto de maneira inmediata e non seguir perdendo oportunidades, así que a administración pública ten que empezar a dar os pasos para poñer os terreos e así se instalen novas empresas e que se traducirían tamén en ofertas de novos postos de traballo.

Con respecto ao impacto medioambiental, di que a actividade humana sempre ofrece un perigo, simplemente hai que minimizar dito impacto.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación adoptándose polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e BNG (19) e en contra de MÓVETE (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 07/08/2018 (2018-E-RCIP-2) polo voceiro

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: SETAZGFCNCEMCDL46755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 12 de 21



do grupo político municipal do BNG pola que propón que se inste á Xunta de Galicia para que inclúa nos seus orzamentos para o exercicio 2019 dunha partida orzamentaria con destino ao comezo das obras para o proxecto da Cidade do Moble no noso concello.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Promoción Económica e Emprego, en sesión celebrada o 04/09/2018.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia para que nos Orzamentos do exercicio 2019 inclúa unha partida económica coa contía suficiente para garantir o comezo das obras o vindeiro ano para o proxecto Cidade do Moble no noso concello.

Segundo.- Notificar o presente acordo ás sedes parlamentaria do PP, Marea, PsdeG-PSOE e BNG.

EXPEDIENTE 4801/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.

Desfavorable Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 9, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concédesse a palabra ao voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para expoñer a moción do seu grupo político, motivo desta punto, e que se transcribe de seguido:

“O procedemento administrativo cando un cidadán reclama a imposición dunha multa leva asociada a perda do dereito a redución da mesma, polo que se lle está impedindo exercer e seu lexítimo dereito á defensa cando se alegan incorreccións no feito impositivo.

Esta situación leva a que os cidadáns consideren que se lle está a someter a unha “chantaxe” por parte da administración; se a esta circunstancia lle engadimos que o procedemento que se segue na tramitación das sancións de tráfico non obriga a entrega de copia da mesma no momento que se produce a sanción, se non que se lle remite pasando un espazo de tempo considerable (o que fai que moitas veces sexa difícil lembrar o feito que se sanciona), a situación de indefensión dos cidadáns con respecto a administración local é total.

En función do exposto nos puntos anteriores o grupo municipal do BNG solicita tomar o seguinte Acordo

- 1. Que non se considere o escrito de alegacións como causa da perda do dereito a redución da multa.*
- 2. Que se faga a notificación á persoa denunciada mediante entrega da copia do parte da policía ou deixándoa no vehículo, no caso que o condutor estivese ausente.”*

Intervén o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, para dicir que se reitera co manifestado na Comisión Informativa onde se ditaminou esta moción, é dicir, que o feito de deixar a imposición da sanción no vehículo considerárase como unha notificación e, por ende, empezaría a contar os prazos para as alegacións, sen embargo, ao non deixala, os prazos contarían dende a recepción da notificación no seu enderezo, o que redundará nun beneficio para o infractor. Polo anterior, considera que debe deixarse o procedemento tal como está por ser máis beneficioso para os interesados.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCFNEMCDL6755YN62 | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 13 de 21



Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** (voceira do partido socialista), para manifestar que premiar a unha persoa por renunciar aos seus dereitos nunca debe ser considerado un premio, os dereitos no noso país son irrenunciabes, polo que reivindica que os dereitos son irrenunciabes.

Non habendo máis intervencións, e

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do BNG con data 27/08/2018 (2018-E-RCIF-1), pola que propón que se modifique o procedemento sancionador de tráfico, en concreto no relativo á imposición de multas.

Visto o ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 07/09/2018.

Sométese a nomeada moción a votación, rexeitándose polos votos en contra do PP (11) e a favor do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (9)

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de “actividade de control” o **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha moción de urxencia.

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, para presentar unha moción que considera urxente pola preocupación dos veciños de Ribela ante a situación na que se atopan dous viais que, dende o mes de xullo, pola existencia dun cable de electricidade que se estende dende Santo André a Frades, polo monte en dirección a Fraín. Xustifica a urxencia na responsabilidade que pode ter o Concello, aínda que é sabedora que non é competencia municipal o retiralo, pero o que propón e que os técnicos municipais vaian a ver esa situación, emitan o informe que corresponda e que se poñan en contacto coa empresa responsable para que solvete o problema.

O **Sr. Alcalde** di que descoñece ese problema, de todos xeitos lle informa que este asunto non ten cabida neste apartado, xa que non se considera unha moción de urxencia, máis ben debe tratarse no apartado de “rogos e preguntas”. A pesares disto, se interesará no problema e, dende o Concello, se contactará coa empresa subministradora para que solucione o problema o máis pronto posible.

A **Sra. Belén Louzao** entende que si ten cabida como moción, xa que se podería derivar nunha responsabilidade patrimonial da administración municipal, polo que considera que se debería de adoptar un acordo plenario en relación á toma de medidas para que non ocorra ningún accidente. Ante o dito, quere presentar esta petición como unha moción de urxencia.

Intervén, a petición do Sr. Alcalde, a **Sra. Secretaria**, para dicir que non se pode considerar como unha moción de urxencia o plantexado pola voceira do partido socialista ao carecer de parte resolutiva, xa que só se solicita que se inste á empresa responsable para que retire o cable caído sobre as pistas sinaladas, polo que se trata dun tema que debe tratarse no apartado de “rogos e preguntas”.

MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MÓVETE EN RELACIÓN Á MORTE OCORRIDA O 4 DE AGOSTO PASADO NO SERVIZO DE URXENCIAS DO CENTRO DE SAÚDE A CAUSA DA FALTA DE PERSOAL MÉDICO.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETA-ZGFCFCEMCDL6755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 14 de 21



Pide a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para presentar como urxente unha moción en relación á morte dunha persoa nas urxencias do Centro de Saúde por falta de persoal no momento do seu ingreso (*non consta a súa presentación no rexistro de entrada de órganos colexiados deste Concello*), considerando importante que esta corporación non espere máis para esixir ao goberno galego explicacións polo acontecido e se garanta que non volverá a ocorrer, xa que é obriga da administración municipal de defender a atención primaria sanitaria. Polo manifestado solicita que se admita esta moción e sexa debatida a súa moción.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non pode coincidir, nin na forma nin no fondo, coa moción que se presenta. Por un lado, dende que ocorreu aquel fatal desenlace houbo tempo para presentar a moción e así ser debatida e analizada en tempo nesta sesión plenaria como un punto dentro da orde do día.

A **Sra. Mar Blanco** di que ao día seguinte do que aconteceu púxose en contacto co Alcalde en funcións para plantexarlle a oportunidade de redactar unha moción conxunta entre todas as forzas políticas, o cal lle contestou que o pensaría e despois lle daría unha resposta e, por tal motivo, estivo esperando e, ao non recibir contestación, decidiu presentar esta moción por urxencia.

Continúa dicindo que considera que se trata dunha proposta o suficientemente grave e importante como para debatela e chegar a adoptar, incluso, unha moción conxunta.

O **Sr. Alcalde** di que coincide que se trata dun problema moi grave, sen embargo no coincide coa urxencia, é dicir, é importante que exista unanimidade de dar solución a este problema, pero non comparte o noventa e nove por cento de escrito na moción e, polo tanto, non pode apoiala.

Finalmente a invita a que presente a moción formalmente para que sexa tratada na Comisión Informativa que corresponda e, posteriormente, sexa sometida a acordo plenario.

Non habendo máis intervencións, procédese a votar a urxencia da moción, sendo rexeitada polos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (9) e en contra do PP (11).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 4602/2018. DACIÓN DE CONTA DA ACTA DE ENTREGA DE TODO O DOMINIO PÚBLICO DO RESTO DA ESTRADA PO-841 (SANTIAGO DE COMPOSTELA -SC11- LÍMITE PROVINCIA - A ESTRADA), ENTRE OS PPQQ 19+760 E 19+860.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta da acta de entrega ao Concello de A Estrada de todo o dominio público do resto da estrada PO-841 (Santiago de Compostela -SC11- límite de provincia - A Estrada) situado na marxe esquerda entre o punto quilométrico 19+760 e o punto quilométrico 19+860, asinada con data 25/05/2018 entre o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Alcalde do Concello de A Estrada.

A corporación en Pleno queda sabedora, ao mesmo tempo que se ordena proceder á súa inscrición no Inventario de Bens municipal.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCFNCEMCDLKG755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esPublico.Gestiona | P. 15 de 21



EXPEDIENTE 2783/2018. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS, CORRESPONDENTE AO 2ª TRIMESTRE DE 2018.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 10/08/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario, dende Intervención e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da Corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL).

Visto o informe emitido con data do 10 de agosto de 2018 pola Intervención municipal.

Vista a demais documentación que consta no expediente.

Dáse conta ao Pleno da seguinte documentación:

1. Comunicación de Rendición da información en tempo e forma na OVEELL do 2º trimestre 2018 do período medio de pago PMP.
2. Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do orzamento do 2º trimestre 2018
3. Informe de morosidade do 2º trimestre 2018.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE XULLO DE 2018

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 31 de xullo de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-0850 ao número 2018-0915 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE AGOSTO DE 2018

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 31 de agosto de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-0916 ao número 2018-1027 (incluídos os dous).

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCFNCEMCDL6755YN62 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 16 de 21



A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda de rogos e preguntas a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para lembrar o acontecido na parroquia de Ribela este verán, refírese ao ataque duns cans a unha veciña do lugar, algúns deles de raza perigosa, e, en relación a este tema, é sabedora que os veciños xa manifestaran a súa alarma e preocupación no ano 2016 pola existencia destes animais, de feito SEPRONA é coñecedora destas reclamacións coa emisión dos correspondentes informes e remisión ao Concello e á Xunta de Galicia. Continúa dicindo que a Lei que regula a tenencia destes animais é da Xunta e, polo tanto, este organismo é o responsable e ten que tomar as medidas necesarias para solucionar este problema, sen embargo obsérvase que pasa totalmente de problema, ademais o propietario destes cans non cumpre coa normativa, de feito supera o número de animais que se poden ter nun domicilio, sen esquecer que xa hai antecedentes de ataques a animais e outras persoas. Ante o anterior, é unha situación moi preocupante, sendo consciente que é responsabilidade da Xunta de Galicia, por iso, dende o grupo parlamentario socialista rexistráronse solicitudes de responsabilidade.

Dí que, á vista do que publica a persoa propietaria deste cans nas redes sociais, lle preocupa a responsabilidade do Concello, xa que esta persoa informa dun refuxio para animais, recollendo donacións para o mantemento destes animais. Polo que se está a falar dunha sociedade económica sen saber se detrás hai unha entidade social con o sen ánimo de lucro, pero si cre que esa actividade debería de estar regulada e contar cunha licenza de actividade, por esta razón pregunta se dende o Concello tramitouse un expediente de outorgamento de licenza de actividade para este fin e, de non haber esta solicitude ou concesión, entón pide que se inicie o procedemento que corresponda para pechar esta actividade clandestina e ilegal.

Responde o **Sr. Alcalde** que, en relación á licenza da actividade, non é coñecedor de se hai algunha solicitude ou se se está ou non a tramitar, pero se informará da situación que se lle acaba de dar.

No que respecta á función do Concello, lle informa que non se desentendeu nin se estivo en pasividade en relación coa problemática que está a vivir a parroquia de Ribela, e, aínda que non é competencia municipal, estase a levar un seguimento, de feito púxose en contacto co xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, organismo que ten aberto un expediente sobre este caso, e, ademais de que é coñecedor de que se abriron dilixencias no Xulgado, sendo o máis que se pode facer dende o Concello, xa que, ao non ser competencia municipal, existe pouca capacidade de actuación. Informa tamén que os expedientes abertos na nomeada Consellería están parados mentres non resolva o Xulgado.

Con lo dito anteriormente, o Alcalde di que están levando de cerca todo o que acontece con respecto a este problema, pero reitera que, a pesares de ser un feito ocorrido no noso término municipal, as competencias para resolver ou actuar non son do Concello.

A **Sra. Belén Louzao** traslada unha petición das parroquias de Sto. André de Veá e Frades para que se procedan a asfaltar a estradas que van dende Santo André a Requián e a que se desvía dende esta a Pazos e Paramá, xa que houbo operarios limpando as cunetas pero o estado do firme é precario, preguntando tamén se o arranxo destas pistas están incluídas en algún proxecto.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cod. Validación: 9E7AZGFC-NCEIVMCDLKG755YN62 | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 17 de 21



O **Sr. Alcalde** lle responde que é coñecedor do mal estado dalgúns tramos das estradas mencionadas así como outras das ditas parroquias, as cales non están incluídas en ningún dos proxectos pendentes de executar, sen embargo estase a valorar e estudar a súa inclusión en algún proxecto futuro.

Continúa a **Sra. Belén Louzao** trasladando a preocupación veciñal sobre a situación do Punto Limpo, xa que este atópase nunha situación de “atasco”, de feito moitas persoas que se achegan alí dentro do horario fixado para depositar enseres e electrodomésticos vense na situación de que non hai espazo para deixalos, polo que deduce que a xestión, tanto municipal como a que leva a cabo a empresa cesionaria, é mellorable. Polo dito, roga para que se amplíe a capacidade do Punto Limpo e se lle dea solución á problemática do mesmo, sobre todo no que a xestión se refire.

O **Sr. Alcalde** di que, con respecto ao Punto Limpo, existen dúas actuacións pendentes de executar nun prazo razoable de tempo; unha delas está incluída dentro do plan EDUSI e que contén unha serie de melloras como, por exemplo, a da cuberta da zona de depósitos de plásticos e cartóns. No que se refire á xestión, existe unha deficiencia sobre o tema da recollida selectiva de lixo, e para solucionalo espera que nos próximos meses de setembro e outubro se poida iniciar o expediente de contratación e así unificar o servizo de xestión do Punto Limpo e o servizo de recollida selectiva de lixo nunha única empresa.

A **Sra. Belén Louzao** lle recrimina ao Alcalde que durante os seus anos de goberno non se solucionase o problema de reciclaxe no noso rural, existindo moitas parroquias ou aldeas que non contan cos contedores adecuados para poder facer a recollida selectiva e, por esta causa, obsérvase que moitos veciños depositan o plástico en moreas no chan. Polo dito, reclama que se fagan dotacións no noso rural destes elementos.

O **Sr. Alcalde** lle responde que comparte o dito pola Sra. Louzao, sen embargo non é competencia municipal, porque non se pode obrigar a unha empresa, que ten un contrato para a xestión de recollida selectiva e no que se lle establece un número determinado de contedores, a que subministre e recolla máis do que se lle contratou, sendo esta a causa pola que o Concello ten a necesidade de iniciar un novo expediente de contratación, segundo mencionou anteriormente. Ademais dita empresa atópase neste momento nun ERE, polo que se está a barrallar a rescisión do nomeado contrato para así proceder coa nova contratación, na que se contemplarán todas as necesidades que, en materia de reciclaxe, ten o noso termo municipal e, a respecto desta nova contratación, di que suporá un maior custo, pola necesidade de adquisición dos contedores e pola xestión do servizo, e isto conleva a redacción duns Pregos moi dificultosos, ao que hai que sumar a pouca experiencia doutras entidades municipais neste tema, polo que non hai moito onde consultar, o que dificulta a redacción dos nomeados Pregos, sen esquecer que se trata dunha licitación sen contido económico.


Finalmente, a **Sra. Belén Louzao** roga que o Concello se poña en contacto coa empresa eléctrica responsable do cable caído o 3 de xullo pasado e que colga perigosamente sobre dous viais municipais que van de Santo André de Veá a Frades e a Chaín.

Intervén a voceira de Móvete, **Dña. Mar Blanco**, para dicir que considera que o Concello non inspeccionou as instalacións onde se albergan os cans potencialmente perigosos en Ribela, de acordo co disposto nos artigos 20 e 34 da Lei de Benestar Animal de Galicia; ademais di que tampouco comprobou se a

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCFACEMCDLKG755YN62 | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 18 de 21



mencionada canceira irregular se atopaba inscrita no Rexistro galego de núcleos zoolóxicos, tal e como contempla o artigo 22 da mencionada Lei, e todo iso a sabendas da existencia dun problema neste lugar dende o ano 2016. Polo dito, acusa ao Sr. Alcalde de deixadez de funcións nos aspectos mencionados.

Continúa pedindo que se arranxe o problema existente na ribeira do río Ulla (dende a ponte de San Antón á ponte Ulla), en concreto pola existencia da especie invasora denominada algarrobo ou rodiña, que está a provocar estragos nas plantacións agrícolas limítrofes co río. Informa que dende o Areal de Berres se están a organizar unhas xornadas de voluntariado para erradicar esta especie. Pregunta, así mesmo, sobre o como va a actuar o Concello para restablecer esta zona, sabendo que os veciños piden axuda inmediata e eficaz.

O Alcalde lle responde que o seu grupo de goberno tivo moita sensibilidade con este tema, de feito asinou un Convenio coa Xunta de Galicia fai xa dous anos para a limpeza das beiras do río Ulla (a pesares de que os veciños non estaban moito de acordo) e para o que se investiron case douscentos mil euros. Por outra banda, hoxe a Xunta de Galicia aprobou un Convenio co noso Concello para a limpeza das marxes do río Umia por importe de 300.000 €, xestión que tamén foi iniciativa do grupo de goberno. Polo dito, non admite que se lle acuse de deixadez neste tema. Tamén considera que é necesario que a sociedade se implique con esta problemática.

A Sra. Mar Blanco di que non só é importante os cartos, senón tamén os resultados, xa que de que vale estas actuacións se despois non existe a preocupación de desbrozar para evitar que esta especie se volva a propagar. Por iso agora os traballos se están a realizar por voluntarios sen ningún tipo de axuda, sendo ese o motivo da súa pregunta sobre cal vai a ser postura do Concello e de que maneira vai a colaborar.

Resposta o **Sr. Alcalde** que valorará a situación. Informa así mesmo que unha persoa veu a falar con el para que servira de intermediario coa Consellería de Medio Ambiente e os voluntarios e se destinaran uns fondos á limpeza das beiras do río Ulla.

A Sra. Mar Blanco pregunta se concederon ao Concello de A Estrada a subvención de 20.000 € para os proxectos da Rede Natura, entre eles o que afecta á ponte BIC de Ponte Veá.

Lle resposta o **Sr. Alcalde** que neste momento carece dese dato, polo que lle contestará por escrito.

Por último, a **Sra. Mar Blanco** lle traslada que a Asociación “Entre as Pontes” aínda están agardando pola instalación de dous contedores de lixo, comprometidos dende abril do ano 2017.

Tamén pide que se retome o acordo unánime ao que se chegou o ano pasado relativo á reclamación á Xunta de Galicia para que adopte medidas inmediatas co gallo de solucionar o grave problema derivado dos ataques do xabarín nas zonas agrícolas do noso concello, ademais de garantir indemnizacións aos damnificados.

Inicia a súa quenda o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para trasladar os seguintes rogos e preguntas:

- Prega que se dote de plataforma de formigón a todos os contedores de lixo, sobre todo no que respecta aos do rural.
- Prega que se proceda a arranxar un muro de contención sito nunha pista de Vilanova - Orazo, xa que despois dunhas tormentas está en risco de caer.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: SETAZGF-FNCEMCDLKG75SYN6Z | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 19 de 21



- Prega para que, tamén en Vilanova-Orazo, se proceda a retirar un pino que está a punto de caer nunha pista pública.
- Lembra unha solicitude feita no pasado mes de xuño para que se solucionara un problema de visibilidade na pista que vai ás escolas, en Guimarei, á altura do río da Pinguela, porque as polas dunhas árbores tapan as sinais de tráfico, sen embargo, a día de hoxe aínda o problema persiste, polo que prega que se solucione.
- Quere insistir en que se fagan as xestións oportunas coa Xunta de Galicia para que esta poña remedio ao problema do xabarín e para que os gandeiros e labregos cobren indemnizacións polas perdas ocasionadas polos ataques deste animal.
- Solicita que se sexa colocado un espello na saída do colexio de Pérez Viondi co fin de mellorar a visibilidade.
- Traslada unha petición dos/as veciños/as para que sexa colocado un contedor de lixo no lugar de Fontenlos, concretamente xunto á área recreativa de Couso.
- Pide que se repare a pista que vai dende Nigoí a Arca.
- Pregunta sobre o que se ten pensado facer coa fonte de Terreboredo, xa que é un problema que se trouxo a outras sesións plenarias pero, sen embargo, aínda está se solucionar.
- Por último, pregunta se o grupo de goberno ten pensado dotar de sistema de rego á vexetación que existen polas beirarrúas do caso urbano, en caso contrario sería necesario que estas foran limpadas.

A isto último, o **Sr. Alcalde** lle informa que hai un problema tanto na rúa San Paio como na saída da Avda de Santiago consistente en que se acumula moita auga e, como consecuencia, nace moita herba en pouco tempo. Informa que no pasado mes de xuño fíxose unha limpeza integral e agora xa é necesario facela outra vez en dúas ou tres zonas do casco urbano pola causa dita anteriormente, de feito xa se falou para emprender ditos traballos o máis pronto posible.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros membros, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún cidadán, ao abeiro do Regulamento de Participación Cidadán, que formular algún rogo ou pregunta:

Pide a palabra o **Sr. Julio García Tanoira** (DNI **354705847**), para trasladar un problema existente na parroquia de San Miguel de Barcala, consistente en que, dende o río Ulla ata o alto do Caeiro, límite con Padrón, fíxose un cortalumes polo alto do monte de Castro Valente, o cal, por dificultades do terreo, desviárono ata case o monte de Trasande, o que ocasionou que unha parroquia do Concello de Padrón se apropiase dos terreos de Trasande, polo que quere saber se dende o Concello se pode mirar e facer algo. Aclara, que se tratan de aproximadamente 45 hectáreas.

Continúa dicindo que a semana pasada unha comisión de veciños afectados foron a reclamar os dereitos cinexéticos e os gardas de zona de comprobaron os límites de provincia, resolvendo que, efectivamente, eses terreos pertencen á nosa provincia e, por ende, á parroquia de San Miguel de Barcala.

Resposta o **Sr. Alcalde** que é coñecedor deste problema, tratándose dun tema que ven dende moi antigo, e a Asociación Forestal de San Miguel de Barcala púxolle ao tanto do fondo deste asunto. Informa que se puxo en contacto co Sr. Alcalde de Padrón e quedaron en reunirse para despois deste verán para falar deste problema e proceder o antes posible co procedemento de deslinde. Tamén advirte que existen dúbidas con respecto a este procedemento, de feito o Técnico Agrícola municipal do noso Concello non ten moi claro que houbera unha invasión ou non do límite municipal.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 5ETAZGFCEMCDL6675SYN62 | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 20 de 21



O **Sr. García Tanoira** di que a súa asociación pode facilitarlle a información necesaria para aclarar estas dúbidas, existindo escrituras particulares das fincas afectadas.

O **Sr. Alcalde** lle pide que facilite ao final da sesión o seu teléfono co gallo de poñerse en contacto con el e así acceder a esta información, ademais de estar en contacto para informar sobre os trámites a realizar en relación con este asunto.

Interrompe o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para dicir que sería prudente pedir información ao Xurado de Montes da Provincia da Coruña para ver cales son os límites que marca esa comunidade de montes. De todos xeitos, atendendo ao dito polo Sr. García Tanoira sobre a existencia de datos históricos que din que esas eran fincas privadas, entón non cabe outra que reclamar que as mesmas se devolvan aos seus propietarios.

O **Sr. Alcalde** di que o Enxeñeiro Técnico municipal sigue este tema dende fai tempo e, polo tanto, é o que mellor pode informar sobre esta situación, pero agora atópase de permiso por vacacións, polo que cando volva informarase persoalmente ao fin de retomar o tema e intentar solucionalo da maneira que proceda.

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión sendo as vinte e tres horas e dez minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0012 Fecha: 05/10/2018



Cód. Validación: 3ETAZGFCFNCEMCDL6755YN62 | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 21 de 21

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

